

MELLÓRASE A CALIDADE DE VIDA DOS CIDADÁNS E POTÉNCIASE O DESENVOLVEMENTO DOS CONCELLOS

# Seis millóns en obras hidráulicas

■ A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que dirixe Agustín Hernandez, licitou e rematou importantes obras de saneamento e abastecemento de augas na provincia de Ourense nesta lexislatura. O importe global das mesmas ascendeu a 2.993.001,27 euros. A esta cifra hai que añadir 3,7 millóns de euros en obras en execución na actualidade licitadas tamén nesta lexislatura.

De todas estas obras beneficiáronse ao redor dunha trintena de concellos ourensanos: Celanova, San Cibrao das Viñas, A Peroxa, Viana do Bolo, Avión, Larouco, Vilamarín e Nogueira de Ramuín, entre outros.

Entre as obras licitadas e rematadas destaca a da mellora da rede de abastecemento de auga a Celanova. Ata o de agora, o abastecemento actual do núcleo de Celanova era insuficiente ante a demanda das zonas norte e oeste, onde se sitúan numerosas edificacións de servizos como instalacións deportivas ou escolas, polo que se tivo que acometer a mellora da rede mediante tubaxes de nova execución, á vez que se fixeron tres treitos de saneamento. Para estes traballos, Goberno galego investiu máis de 916.000 euros neste proxecto de mellora.

## ACTUACIÓNS

As actuacións supuxeron a colocación dunha rede, que xestionará Aguagest S.A., cunha condución principal de 6.173 metros de lonxitude, parte do depósito (2.000 metros cúbicos de capacidade) situado na estación de tratamento de auga potable (ETAP) que hai no núcleo de Cañón. Desta condución principal sae un ramal de 233 metros ata conectar coa rede existente na marxe da estrada N-540.

Así mesmo, instalouse unha condución da que arranca unha tubaxe de 543 metros cara á conexión coa rede existente na rúa Areal- A Pedreira, e un ramal de

317 metros cara a conexión coa rede actual da rúa Curros Enríquez. No final do treito principal, na glorieta López Blanco, fixéronse dúas conexións coa rede existente.

## NOGUEIRA DE RAMUÍN

Otra de las obras importante con un presupuesto superior a los 235.000 euros se acometió en el Concello de Nogueira de Ramuín, con obra de saneamiento en Loña de Monte e Requeixo. onstruíuse unha nova Estación Depuradora de Augas Residuais con capacidade para 350 habitantes. A nova depuradora conta cunha cámara de pretatamento, outra de desareado e desengraxado, outra cámara de depuración biolóxica, e unha máis de desinfección por raios UVA.

Tamén superaron os 265.000 euros de investimento os obras de

## DAS OBRAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO BENEFICIÁRONSE UNHA TRINTENA DE CONCELLOS DE OURENSE

saneamento e abastecemento de auga ao concello de Cenlle. No que se refire a saneamento, a solución foi cerrar a saída da fosa séptica para que deixe de verter ao río e conducir os efluentes ata un pozo de bombeo que conecta coa depuradora local. No interior da fosa instaláronse dúas bombas trituradoras sumerxidas. A canalización será de polietileno de alta densidade, de diámetro 90 mm e dispórase enterrada por debaixo do camiño existente. Os efluentes serán transportados cara unha estación de bombeo existente dende onde se envían a unha estación depuradora na que se tratan todas as augas residuais urbanas xeradas no núcleo de Barbantes. ■



Celanova mellorou a rede de abastecemento de auga.

OBRAS LICITADAS Y REMATADAS EN ESTA LEGISLATURA		
Título	Concello	Inversións
Mellora do saneamento de Betán e outros núcleos de Leiro, Leiro (Ourense)	Leiro	173.707,35 €
Mellora de saneamento e abastecemento en Albriz, Albriz (Ourense)	Albriz	197.406,75 €
Saneamento na Barra-as Lamas, Barrio e Cimadevila-Barrio de Fondo-Silva, Coles (Ourense)	Coles	241.346,50 €
Mellora de infraestruturas hidráulicas no concello de Cenlle, Cenlle (Ourense)	Cenlle	265.513,68 €
Abastecemento de auga no núcleo de Baxín, O Irixo (Ourense)	O Irixo	31.610,78 €
Abastecemento de auga no núcleo de Silvares, O Irixo (Ourense)	O Irixo	37.359,99 €
Ampliación dun ramal na rede de saneamento ao lugar de Marcolín, Ríos (Ourense)	Ríos	24.968,95 €
Ampliación da rede de desague de augas depuradas no lugar do Casal, Ríos (Ourense)	Ríos	16.144,61 €
Reforma e acondicionamento da fosa séptica sita no núcleo rural de Os Cuqueiros, Concello de Os Blancos (Ourense)	Os Blancos	50.358,48 €
Saneamento no núcleo de Abelaido, Concello da San Xoán de Río, Ourense	San Xoán de Río	49.844,83 €
Rede de abastecemento en Beade, Beade (Ourense)	Beade	42.769,27 €
Saneamento e abastecemento en Santa Cruz, Concello do Bolo (Ourense)	O Bolo	67.891,92 €
EDAR de Loña do Monte, Nogueira de Ramuín (Ourense)	Nogueira de Ramuín	236.925,54 €
Mellora do saneamento no concello de Larouco (Ourense)	Larouco	19.977,35 €
Montaxe dun sistema de captación de auga potable por aspiración no embalse de Castelo de Miño para o abastecemento de auga a Cenlle, Cenlle (Ourense)	Cenlle	58.907,08 €
Execución dun ramal de saneamento para terminación de saneamento dos Peares, A Peroxa (Ourense)	A Peroxa	25.000,00 €
Bombeo e saneamento en Abelleira, Xunqueira de Espadanedo (Ourense)	Xunqueira de Espadanedo	65.308,71 €
Rede de abastecemento en Secane de Abaixo, Concello de Viana do Bolo (Ourense)	Viana do Bolo	67.818,48 €
Saneamento na Peroxa, A Peroxa (Ourense)	A Peroxa	292.659,84 €
Mellora da rede de abastecemento de auga a Celanova, Celanova (Ourense)	Celanova	1.007.908,68 €
Execución da depuradora de augas residuais para os núcleos de Fubías e San Tomé, Puxín (Ourense)	Puxín	50.642,48 €
<b>TOTAL</b>		<b>2.993.001,27 €</b>

OBRAS EN EXECUCIÓN NA ACTUALIDADE LICITADAS ESTA LEGISLATURA		
Título	Concello	Inversións
Colectores suntuos e EDAR de Avión, Avión (Ourense)	Avión	750.109,31 €
Recuperación ambiental da marxe dereita do río Miño ao seu paso polos Peares, A Peroxa (Ourense)	A Peroxa	432.173,95 €
Saneamento e bombeo de residuais en Calvos, Castroverde, Curras, Ficoiro e Fesedo, San Cibrao das Viñas (Ourense)	San Cibrao das Viñas	176.900,67 €
Mellora do abastecemento de auga en varios núcleos do concello, Pademe de Albriz (Ourense)	Pademe de Albriz	412.402,38 €
Infraestruturas hidráulicas e melloras dotacionais, Vilamarín (Ourense)	Vilamarín	712.720,00 €
Abastecemento e saneamento en Muradás e Lebozán, Beiriz (Ourense)	Beiriz	326.662,33 €
Renovación da rede de abastecemento en Bande, Bande (Ourense)	Bande	355.544,82 €
ETAP en Leiro, Leiro (Ourense)	Leiro	208.780,94 €
Proxecto para a mellora do abastecemento e saneamento en Cimbra - O Rosal, Cimbra (Ourense)	Cimbra	195.143,68 €
Construción de infraestruturas hidráulicas no concello de Meios, Meios (Ourense)	Meios	178.613,10 €
<b>TOTAL</b>		<b>3.748.451,18 €</b>

## OBRAS DE SANEAMENTO EN COLES

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas entregou en novembro ao Concello de Coles as obras de saneamento na Barra-As Lamas, Barrio e Cimadevila-Barrio de Fondo-Silva. Así pois, o Concello de Coles pasará a xestionar directamente estas actuacións.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia investiu un total de 219.315 euros para a execución deste

proxecto hidráulico. A actuación consistiu na instalación de redes de colectores, un equipo de depuración para 75 habitantes en Baio de Fondo, o bombeo de augas residuais desde A Silva e rede de colectores en A Barra-Lamas conectada á de As Quintas da Barra. A poboación beneficiada ascende a 144 habitantes. Cómpre sinalar que tamén se proxectou un bombeo de augas residuais en A Silva.